(1) Nos exercicios 2020 e 2019, tomando como referencia as interpretacións do Consello Xeral de Economistas publicadas en marzo de 2010, non se contempla como Activo Financeiro no apartado de "Debedores comerciais e outras contas para cobrar "as partidas correspondentes á Administración Pública.

O saldo a 31/12/2020 correspóndese coa partida de "clientes" por facturas emitidas e que a data de peche do exercicio están pendentes de cobranza. Estas facturas emitíronse

ás entidades membro da Federación, polo servizo prestado ás mesmas pola xestión da Formación Bonificada pola Seguridade Social.

6.1. Usuarios/ as e outros debedores da actividade propia

Ao 31 de decembro de 2020 o seu detalle é o seguinte:

Usuarios e outros debedores da actividade propia	Saldo inicial 01/01/2020	Entradas Adicións	Saídas Diminucións	Saldo final 31/12/2020
Patrocinadores (447)	42.100,50€	32.489,13€	(66.989,63€)	7.600,00€
Debedores por prestación de servizos (448)	16.397,27€	26.723,67€	(20.971,23€)	22.149,71€
TOTAL	**47.052,73€**	**59.212,80€**	**(87.960,86€)**	**29.749,71€**

A partida de Patrocinadores correspóndese coas débedas pendentes de cobranza de patrocinadores privados que colaboran economicamente en proxectos Federativos a través de convocatorias de axudas. A partida de Debedores por prestación de servizos inclúe os saldos pendentes de cobranza correspondentes a facturas emitidas por servizos prestados.

6.2. Debedores comerciais e outras contas para cobrar

Esta partida figura, ao peche do exercicio, por un total de 120.260,81 € incluíndo os saldos das Administracións Públicas, e que se corresponde co seguinte detalle:

Partidas	Euros
Clientes	860,37 €
Facenda Pública debedora por subvencións concedidas	118.046,65 €
Organismos da Seguridade Social debedores	1.353,79 €
Total	**120.260,81 €**

O saldo na partida de Clientes débese a facturas emitidas, pendentes de cobranza a data de peche do exercicio, ás entidades membro da Federación, por servizos de xestión da formación bonificada para o emprego. Estas facturas son cobradas antes do 31/01/2021, requisito imprescindible a cumprir para poder aplicar a bonificación da Seguridade Social de formación para o emprego.

O saldo por subvencións concedidas por Organismos Públicos pendentes de cobranza a data de peche do exercicio 2020 é de 118.046,65€.

Organismos da Seguridade Social debedores, recolle o importe correspondente á bonificación por formación para o emprego aplicada no último mes do exercicio e que se

compensa no pago dos gastos de Seguridade Social de decembro 2020, realizado o 31 de xaneiro de 2021.

6.4. Periodificacións a curto prazo

Ao 31 de decembro do 2020 e 2019 o seu detalle é o seguinte:

Partida	2020	2019
Gastos anticipados	24,09 €	24,09 €
Total	**24,09 €**	**24,09 €**

Dita partida de gastos anticipados correspóndense coa periodificación de primas de seguro pola parte de cobertura do risco do exercicio seguinte.

6.5. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes

Ao 31 de decembro de 2020 e 2019 o seu detalle é o seguinte:

Partidas	2020	2019
Caixa euros	600,31 €	692,21 €
Bancos contas correntes	472.095,62 €	369.850,13 €
Conta PayPal	181,94 €	162,87 €
Total	**472.877,87 €**	**370.705,21 €**

7. PASIVOS FINANCEIROS – PASIVOS CORRENTES

A continuación desagrégase cada clase de pasivo financeiro atendendo ás categorías establecidas na norma de rexistro e valoración décima de pasivos financeiros e vixésima de subvencións, doazóns e legados recibidos.

CLASES	Instrumentos financeiros a c/p	
	Outros	
CATEGORÍAS	**31/12/2020**	**31/12/2019**
Pasivos financeiros a custo amortizado	**491.239,98 €**	**660.244,22 €**
Débedas a c/p transformables en subv.,doazóns e legados (Nota 7.1)	135.005,78 €	165.188,16 €
Beneficiarios-Acredores	354.029,72 €	489.752,05 €
Acredores comerciais e Outras contas a pagar (1)	**2.204,48 €**	**5.304,01 €**
Provedores	317,89 €	
Acredores por prestación de servizos	1.544,00 €	3.502,74 €
Remuneracións pendentes de pago	342,59 €	1.801,27 €
TOTAL	**491.239,98 €**	**660.244,22 €**

(1) Nos exercicios 2020 e 2019, tomando como referencia as interpretacións do Consello Xeral de Economistas publicadas en marzo de 2010, non se contempla como Pasivo Financeiro as partidas correspondentes á Administración Pública.

7.1. Débedas a curto prazo

O detalle deste epígrafe do pasivo do balance ao 31 de decembro de 2020 e 2019 é como segue:

Débedas a curto prazo	2020	2019
Débedas a c/p transformables en subvencións, doazóns e legados	135.005,78 €	165.188,16 €
Total	**135.005,78 €**	**165.188,16 €**

Débedas a c/p transformables en subvencións, doazóns e legados		
ORGANO CONCEDENTE	***SUBVENCIÓN/ PROXECTO***	***IMPORTE PENDENTE DE EXECUTAR***
Consellería de Emprego e Igualdade. Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social	Programas de Cooperación-Desempregados TR352A 2020 (Parte 2021)	163.311,14
Consellería de Emprego e Igualdade. Dirección Xeral de Emprego,Traballo Autónomo e Economía Social	Programas de Cooperación-Axentes de emprego e unidades de apoio TR352B 2020. Importe da imputación a resultados 2020. Apunte ao debe por correlación co gasto do exercicio 2020. A resolución desta subvención foi recibida o 18/01/2021, data na que se fará o correspondente rexistro contable da concesión.	(73.271,31€)
Consellería de Emprego e Igualdade. Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral	Servizo de Orientación laboral TR331A 2020 (Parte 2021)	23.465,95 €
Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. Axencia de Turismo de Galicia	Subvencións proxectos dinamización Xacobeo 2021 Programa O Teu Xacobeo TU300A 2020 (Execución 2021)	20.000,00 €
Fundación bancaria IberCaja	Convocatoria 2020 IberCaja de Proxectos Sociais. Programa "Emprego con apoio: Talento profesional de persoas coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"	1.500,00 €
TOTAL		***135.005,78 €***

Tal e como indica o Plan de Contabilidade de aplicación, a Federación recolle na partida denominada Débedas a c/ p transformables en subvencións, doazóns e legados do Pasivo do Balance, as axudas obtidas para financiar gastos específicos de execución plurianual, e que, segundo o indicado na norma de valoración 20ª imputaranse ao resultado do exercicio económico e ao patrimonio seguindo o mesmo deveño que os gastos que financian. Sendo a contía máis significativa a correspondente a Subvencións Públicas para cubrir gastos de persoal, aprobadas a través de resolución en firme por parte da Xunta de Galicia e cuxo gasto se vai devindicando mensualmente ata a finalización do servizo subvencionado.

Cabe mencionar que no exercicio 2020 devindicáronse gastos de persoal financiados pola Subvención outorgada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social (Programas de Cooperación) para financiar Axentes de Emprego e Unidades de Apoio, cuxa resolución favorable non se recibiu antes da data de peche do exercicio 2020 pero a data de elaboración das presentes contas xa se dispón da mesma. Realizándose por tanto a correspondente imputación a resultados con anotación ao debe na conta de Pasivo Débedas a c/ p transformables en subvencións, doazóns e legados, provocando un movemento en negativo, que se saldará co rexistro da concesión de subvención ao 18 de xaneiro de 2021, data de recepción da resolución.

7.2. Beneficiarios-acredores

O detalle deste epígrafe é como segue:

Beneficiarios-acredores	**Saldo inicial 01/01/2020**	Entradas Adicións	Saídas Diminucións	**Saldo final 31/12/2020**
Beneficiarios-acredores	489.752,05 €	521.409,84 €	657.132,17 €	354.029,72 €
TOTAL	**489.752,05 €**	**521.409,84 €**	**657.132,17 €**	**354.029,72 €**

O saldo ao final do exercicio 2020 correspóndese coa repartición de axudas concedidas ás entidades federadas pendentes de pago. O pago realízase unha vez foron executados os proxectos que se financian, xustificado e cobrado polo organismo financiador.

7.3. Acredores comerciais e outras contas para pagar

A partida de "Acredores comerciais e outras contas para pagar" contempla o pasivo seguinte por acredores pendentes de pago:

Partidas	**31/12/2020**	**31/12/2019**
Provedores	317,89 €	
Acredores por prestación de servizos	1.544,00 €	3.502,74 €
Remuneracións pendentes de pago	342,59 €	1.801,27 €
Total	**2.204,48 €**	**5.304,01 €**

No exercicio 2020 realizouse un cambio nos apuntamentos que recollen a contratación de servizos especializados ás entidades membro e que se aprecia na contrapartida de balance das contas de Beneficiarios acredores. A Federación subcontrata cada exercicio ás súas entidades membro a prestación de servizos, Servizos de promoción

da autonomía persoal das persoas con síndrome de Down ou discapacidade intelectual (SEPAP) ou programas concretos dalgunha área deste servizo, como envellecemento ou emprego con apoio. As facturas de gasto correspondentes a estes servizos contratados contabilizábanse en exercicios anteriores nunha subconta da "629 Outros servizos" con contrapartida a contas "410 Acredores por prestación de servizos". O servizo de promoción da autonomía persoal (SEPAP) é a actividade principal da Federación, por tanto, considerouse relevante realizar o cambio en partidas, pasando a reflectir a contratación ás entidades membro comentada nunha conta "607 Traballos realizados por outras entidades" e cambiala de epígrafe na conta de perdas e ganancias pasando a "Aprovisionamentos". Dese modo a contrapartida pasa a ser contas "400 Provedores".

A peche do exercicio, o saldo que lanza a partida de provedores correspóndese, por tanto, con facturas recibidas por contratación de servizos especializados da actividade esencial da organización, pendentes de pago a 31/12/2020.

A partida de acredores por prestación de servizos recolle saldos de facturas recibidas nos últimos días do ano cuxo pago se realiza no exercicio seguinte. Trátase de acredores doutros servizos.

O saldo e remuneracións pendentes de pago, débese a gastos de desprazamentos e/ou dietas xustificadas dos últimos días do ano do persoal que se inclúen na nómina de xaneiro de exercicio 2021.

Información sobre aprazamentos de pago efectuados a provedores-acredores de bens e servizos. Disposición adicional terceira:" Deber de información" da Lei 15/2010, de 5 xullo.

	Pagos realizados e pendentes de pago a data de peche do exercicio			
	Exercicio 2020		**Exercicio 2019**	
	Importe	%	Importe	%
Dentro do prazo máximo legal	429.935,22 €	99,74%	408.782,42 €	99,93%
Resto	1.127,50 €	0,26%	296,09 €	0,07%
TOTAL PAGOS a acredores do EXERCICIO	**431.062,72 €**	**100,00%**	**409.078,51 €**	**100,00%**
Aprazamentos que a data de peche exceden o prazo máximo legal	- €	- €	- €	- €

O cadro anterior reflicte a cifra total de pagos correspondentes ás partidas de Pasivo II. Débedas a curto prazo: Provedores, Provedores de Inmobilizado a c/ p (nota 7.1) e Outros Acredores por Prestación de Servizos.

Aclarar que no Balance de Situación a 31/12/20, no pasivo corrente figura a partida de "Acredores comerciais e outras contas para pagar" por un total de 60.212,22 € incluíndo os saldos coas Administracións Públicas e que se corresponde co seguinte o detalle:

Partidas	2020	2019
Provedores	317,89 €	
Acredores por prestación de servizos	1.544,00 €	3.502,74 €
Remuneracións pendentes de pago	342,59 €	1.801,27 €
H.P. Acredora por retencións practicadas	16.500,94 €	17.720,27 €
H.P. Acredora por subvencións a reintegrar	19.390,60 €	13.675,22 €
Organismos seguridade social acredores	22.116,20 €	18.971,94 €
Total	**60.212,22 €**	**55.671,44 €**

8. FONDOS PROPIOS

Dacordo co artigo 37 dos estatutos, a Federación Down Galicia fixouse inicialmente un patrimonio fundacional en 601 euros. A desagregación dos fondos propios ao 31 de decembro de 2020 e 2019 é o seguinte:

Concepto	2020	2019
Fondo Social	7.020,90 €	7.020,90 €
Reservas Voluntarias (1)	75.288,16 €	75.011,14 €
Excedente do exercicio (positivo)	203,37 €	268,02 €
Total fondos propios	**82.512,43 €**	**82.300,06 €**

(1) No exercicio 2020 realizáronse unha serie de axustes en reservas voluntarias por erros de exercicios anteriores, tal e como se detalla a continuación.

REGULARIZACIÓN POR CORRECCIÓNS ANOS ANTERIORES	IMPORTE
Subsanación de erro por ter contabilizado mal o importe da dieta dunha traballadora, no exercicio 2019	9,00 €
Total variación reservas voluntarias por axustes	**9,00 €**

Polo principio de importancia relativa, posto que os distintos axustes de reservas voluntarias correspondentes a partidas de exercicios anteriores só implican unha variación neta de 9€, non se contempla o axuste no balance do exercicio anterior, manténdose segundo se realizou ao peche das contas do 2019.

9. SITUACIÓN FISCAL

1. Imposto sobre beneficios

A base impoñible do imposto sobre sociedades resulta cero, posto que a totalidade de rendas da Federación áchanse exentas, por ser o resultado obtido no exercicio produto das actividades que constitúen o obxecto social da mesma.

O réxime fiscal do imposto sobre sociedades aplicado á Federación derívase da aplicación do réxime de rendas exentas da **Lei 49/2002**, do 23 de decembro, de **réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado**. A Federación, tras ser Declarada de utilidade pública no ano 2006, procedeu a solicitar o acollemento á devandita Lei 49/2002, do 23 de decembro, manténdose esa condición no exercicio 2020.

10. INGRESOS E GASTOS

10.1. INGRESOS

O montante total de ingresos do exercicio ascendeu a **1.848.594,77 €** sendo o detalle:

10.1.a) Ingresos da entidade por actividade propia

O importe de ingresos pola actividade propia é de 1.808.084,82 €, detallándose a continuación as partidas que o compoñen:

No epígrafe de “Cota de asociados e afiliados” recóllese o importe de cota anual de afiliación das entidades membro por un importe total de 1.051,75 €.

Na partida de “Achegas de usuarios/as” recóllese os ingresos por prestacións de servizos sociais especializados, por unha contía total de 25.632,67 €.

“Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboradores” por importe de 2.837,38 € lanza o importe obtido a través de accións de captación e colaboracións particulares. É preciso mencionar que no exercicio 2020 realizouse un cambio nas contas que recollen os ingresos desta natureza, previamente recollíanse en contas de doazóns privadas, pero considerouse relevante adecuar o rexistro desta información nas contas específicas que o cadro de contas contables ofrece, non supoñendo este cambio de rexistro algo relevante para o reflexo da imaxe fiel.

A partida de “reintegro de axudas e subvencións” de 657,02 € débese ao reintegro realizado pola entidade membro Asociación Down Ourense de parte dunha axuda repartida para a execución dun proxecto de Formación prelaboral que executaron en menor medida do inicialmente exposto, o que provocou remanente polo importe non executado.

As partidas de “Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados a resultados do exercicio afectos á actividade propia”, por importe de 1.777.906,00 € detállanse na Nota 11.

10.1. b) Ingresos da actividade mercantil

A partir do exercicio 2018, tras ser aprobado pola Asemblea da entidade, o servizo de xestión do crédito de formación bonificada pola Seguridade Social pasa a ser xestionado de forma interna pola Federación. En exercicios anteriores este servizo estaba subcontratado a unha empresa externa, pero debido a diversas incidencias tomouse a decisión de internalizalo.

A actividade consiste en que Down Galicia xestiona o crédito de formación propio e o das entidades membro, non obtendo beneficio algún pola devandita actividade. A operación é a seguinte: Down Galicia contrata e asume os gastos correspondentes á formación para o persoal e posteriormente, factura a cada entidade membro a parte que lle corresponde asumir derivada da asistencia do seu persoal á formación. Ademais, Down Galicia realiza as xestións oportunas coa Seguridade Social a través de FUNDAE, para que se poida proceder coa aplicación das bonificacións oportunas.

No ano 2020, os ingresos por este servizo foron de 6.126,95 €, importe que coincide cos gastos asumidos pola formación realizada para o emprego, incluíndo a parte proporcional de gatos indirectos á devandita formación, sendo o resultado da actividade igual a cero.

10.1. c) Outros ingresos da actividade

A partida doutros ingresos da actividade de importe 17.470,11€ componse de:

- Ingresos por cesión de vivendas por parte do IGVS: no exercicio 2017 a Federación Down Galicia recibiu, por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo, a titularidade da cesión de tres vivendas situadas na Coruña, Vigo e Santiago de Compostela, que anteriormente se cedían a nome das entidades membro das devanditas localidades – Down Coruña, Down Vigo e Fundación Down Compostela - . Á súa vez, a Federación Down Galicia realizou a cesión das mesmas a estas entidades, nas cales leva a cabo o desenvolvemento de parte das actuacións englobadas na área de Vida adulta e

independente. Contablemente, asimilouse dita cesión a un alugueiro, posto que a duración da cesión é de 5 anos, inferior á vida útil das vivendas, tomándose como valoración, o valor de mercado de vivendas de similares características. A valoración desta operación no exercicio 2020 foi de 15.000 €.

- Ingresos por formación para o emprego: Bonificacións da seguridade social por Formación Continua Bonificada prestada ao persoal, 2.470,11€.

10.1.d) Subvencións, doazóns e legados de capital

As "Subvencións, doazóns e legados de capital imputados a resultados do exercicio afectos á actividade propia", por importe de 16.912,89€ detállanse na Nota 11.

10.2. GASTOS

O montante total de gastos do exercicio ascendeu a 1.848.391,40€, sendo o detalle:

10.2.a) Axudas monetarias

A partida de Axudas Monetarias comprende a execución por parte das entidades membro da Federación dos seus plans de traballo dentro dos programas federativos, así como as cotas a entidades ás que está asociada a Federación:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Axudas monetarias a entidades membro por execución de programas federativos (Subvencións públicas)	481.157,82 €
Axudas monetarias a entidades membro por execución de programas federativos (Axudas privadas)	23.050,00 €
Cotas a entidades nas que está asociada a Federación (Down España, Cermi Galicia e EAPN Galicia)	2.202,02 €
Total axudas monetarias	**506.409,84 €**

10.2. b) Axudas non monetarias

As partida "Axudas non monetarias" recolle a cesión de 3 vivendas, que á súa vez a Federación recibe do Instituto Galego de Vivenda e Solo, a tres das súas entidades federadas, sendo a valoración polo valor de mercado de vivendas de similares características:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Cesión vivenda á Asociación Down Coruña	5.400,00 €
Cesión vivenda á Fundación Down Compostela	4.800,00 €

Cesión vivenda á Asociación Down Vigo	4.800,00 €
Total axudas non monetarias	**15.000,00 €**

10.2. c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno

Na rúbrica de gastos por colaboracións e do órgano de goberno inclúense os gastos por concepto de reembolso de custos, debidamente xustificados, a membros da Xunta Directiva por diversas actuacións en representación de Down Galicia. Non tendo lugar este tipo de gastos no exercicio 2020.

10.2.d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados

Esta partida de gastos por importe de 2.736,54€ reflicte os gastos procedentes de devolucións de axudas reclamadas por organismos financiadores, ao non aceptar determinados gastos como subvencionables. O máis relevante é o requirimento recibido por parte da subvención que financia o servizo de Orientación laboral ao non considerar os gastos derivados da Incapacidade Temporal por enfermidade dunha técnico como gastos imputables á subvención.

10.2.d) Aprovisionamentos

No rexistro de gastos nesta partida, realizouse un cambio no exercicio 2020, tal e como se adiantou na nota 7.3., sendo o detalle da composición do saldo o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Gastos por traballos realizados por outras entidades para a actividade esencial, Servizo de Promoción da autonomía persoal de persoas coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual	263.959,42 €
Gastos por traballos realizados por outras entidades para a actividade de Formación	5.474,50 €
Total Aprovisionamentos	**269.433,92 €**

O cambio ten lugar nos apuntamentos que recollen a contratación de servizos especializados ás entidades membro. A Federación subcontrata cada exercicio ás súas entidades membro a prestación de servizos, Servizos de promoción da autonomía persoal das persoas con síndrome de Down ou discapacidade intelectual (SEPAP) ou programas concretos dalgunha área deste servizo, como envellecemento ou emprego con apoio, as facturas de gasto correspondentes a estes servizos contratados contabilizábanse en exercicios anteriores nunha subconta da “629 Outros servizos” con contrapartida a contas “410 Acredores por prestación de servizos”. O servizo de promoción da autonomía persoal (SEPAP) é a actividade principal da Federación, por tanto, considerouse relevante realizar o cambio en partidas, pasando a reflectir a contratación ás entidades membro comentada nunha conta "607 Traballos realizados por outras entidades" e cambiala de epígrafe na conta de perdas e ganancias

pasando a "Aprovisionamentos". Dese modo a contrapartida pasa a ser contas “400 Provedores”.

Este cambio non supón ningunha alteración en aplicación das normas de rexistro e valoración nin no reflexo da imaxe fiel da entidade.

Ademais, recóllese un importe de 5.474,50€ correspondente aos gastos asumidos para formación dos profesionais do conxunto das entidades Down. Devanditos gastos son cubertos, nunha parte, os correspondentes ao persoal contratado por Down Galicia, por bonificación da Seguridade Social (FUNDAE) e, a outra parte, pola facturación ás entidades membro na parte que corresponde pola formación que recibe o seu persoal.

10.2.e) Gastos de persoal

A partida de gastos de persoal por un total de 912.738,60€ comprende a seguinte desagregación:

- Soldos e Salarios: supón un importe de 687.748,32€ de retribución de salario bruto ao persoal contratado.

- Indemnizacións: supón un importe de 6.651,16€ polas indemnizacións correspondentes á finalización de contratacións temporais.

- Seguridade Social Empresa: ascende a 218.339,12€ polas cargas sociais correspondentes a gastos por cotas da Seguridade Social a cargo da Federación.

Este persoal presta os seus servizos nos diferentes centros de traballo e inclúe tanto perfís profesionais de atención directa a persoas usuarias, como de funcións auxiliares como xestión, coordinación, etc.

10.2. f) Outros gastos da actividade

A desagregación da conta de “Outros gastos de actividade” é o seguinte:

PARTIDAS	IMPORTE
Cesión vivendas IGVS: Coruña, Compostela e Vigo-Programa Vida Autónoma e independente	(15.000,00€)
Reparacións	(924,38€)
Servizos de profesionais independentes: Consultoría do Sistema de xestión de calidade	(12.032,84€)
Primas de Seguros	(1.222,49€)
Servizos bancarios	(2.366,99€)
Publicidade, propaganda e Relacións Públicas	(169,14€)
Outros Servizos (1)	(92.108,48€)
Taxas	(23,17€)
Outras perdas en xestión corrente	(00,01€)
Total	**(123.847,50€)**

Detalle da partida “Outros servizos”:

DESCRICIÓN	IMPORTE
Material de oficina	(5.572,04€)
Correos e mensaxería	(543,39€)

DESCRICIÓN	IMPORTE
Servizos telefonía - comunicacións	(2.775,53€)
Servizo de limpeza	(1.982,73€)
Servizos de asesoría laboral	(5.845,65€)
Certificación ISO calidade	(574,75€)
Asesoría xurídica	(223,73€)
Servizos informáticos	(4.620,61€)
Formación profesionais	(1.503,15€)
Formación profesional para o emprego	(1.379,11€)
Servizo Prevención Riscos Laborais	(1.236,07€)
Servizo de Protección de datos	(1.648,75€)
Auditoría Contas Anuais	(1.399,97€)
Auditoría de Subvencións	(3.925,50€)
Transporte persoas usuarias	(53.720,00€)
Gastos de desprazamentos e/ou dietas xustificadas	(5.157,50€)
Total	**(92.108,48€)**

10.2. g) Amortización / Deterioro e resultado por alleamentos do inmobilizado

A partida de gasto por amortización de inmobilizado no exercicio ascendeu a 18.135,78€, dos cales corresponden a amortización de inmobilizado intanxible 3.299,91€ (Nota 5.1) e á amortización de inmobilizado material 14.835,87€ (Nota 5.2).

Ademais, déronse gastos por deterioración por importe de 89,22€, debido á rotura dunha tableta electrónica, dándose de baixa o valor neto contable da mesma.

Non se realizaron alleamentos de inmobilizado no exercicio 2020.

11. SUBVENCIÓNS, DOAZÓNS E LEGADOS

Subvencións e doazóns cuxa resolución se recibiu no exercicio 2020.

A imputación a resultados das axudas recollidas no cadro anterior efectuarase en función da execución dos programas ou da amortización dos bens que financian, para o exercicio 2020 detállase dita imputación na nota 11.4.

AXUDAS CONCEDIDAS 2020	
Subvencións Públicas á Explotación Concedidas	
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade: CONVENIO Nominativo 2020	690.688,00 €
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade: CONVENIO para o proxecto "Avaliación do Envellecemento das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual 2020"	140.000,00 €
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade: IRPF Programa Familias 2020	60.655,12 €
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade: IRPF Programa de Apoio e intervención no envellecemento 2020	36.271,60 €
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade: IRPF Programa de Inclusión Educativa 2020	16.629,30 €
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade: IRPF Programa de Ocio 2020	35.112,76 €
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade: IRPF Programa de Atención psicolóxica 2020	16.745,19 €

AXUDAS CONCEDIDAS 2020	
Subvencións Públicas á Explotación Concedidas	
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade: IRPF Programa de Sensibilización 2020	34.880,99 €
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade: IRPF Programa de Vida saudable 2020	16.049,89 €
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade: IRPF Programa de Accesibilidade 2020	14.659,28 €
Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Secretaría Xeral de Emprego: TR352A DESEMPREGADOS 20-21	165.663,00 €
Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Secretaría Xeral de Emprego: TR352B Axentes de emprego e unidades de apoio 19-20	252.043,69 €
Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria, DX de Orientación Promoción Laboral: Orientación laboral 20-21	80.000,00 €
Axencia Turismo de Galicia_Programa O Teu Xacobeo	20.000,00 €
Deputación da Coruña_ FOAXE P A Coruña	18.050,00 €
Deputación de Pontevedra Cohesión Social	6.000,00 €
Deputación de Ourense Área Benestar	8.500,00 €
IGVS: Cesión vivendas: Compostela - Coruña - Vigo	15.000,00 €
Total Públicas Explotación:	***1.626.948,82 €***
Subvencións Públicas de Capital Concedidas	
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade: IRPF Inversión_Equipamento informático	35.527,53 €
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade: IRPF Inversión_Acondicionamento	33.102,44 €
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade: IRPF Inversión_Reforma local de Down Lugo	76.875,29 €
Deputación da Coruña_ FOIE	3.127,06 €
IGAPE_Programa cheques dixitalización Covid-19	9.600,00 €
Total Públicas Capital:	***158.232,32 €***
TOTAL DE CONCESIONES PÚBLICAS	**1.785.181,14 €**
Doazóns Privadas á Explotación	
Fundación Bancaria IberCaja	1.500,00 €
Doazón Fondation Amigo	15.000,00 €
Bankia	3.550,00 €
Fundación Konecta Programa Juntos Somos Capaces	8.050,00 €
Captación de recursos	1.547,38 €
Doazóns Empresas	500,00 €
Outras doazóns privadas	1.270,00 €
Total Privadas Explotación:	***31.417,38 €***
Doazóns Privadas de Capital	
Doazón en especie Parlamento de Galicia	318,54 €
Doazón en especie Fundación Carrefour	1.790,00 €
Total Privadas Capital:	***2.108,54 €***
TOTAL CONCESIÓNS PRIVADAS	**33.525,92 €**
TOTAL CONCESIÓNS PÚBLICAS E PRIVADAS	**1.818.707,06 €**

No exercicio 2019, a execución de fondos recibidos de distintas administracións públicas e entidades privadas, en concepto de subvencións e doazóns, para destinar ás actividades e programas federativos e para os investimentos necesarios no exercicio da súa actividade motivaron o seguinte detalle de saldos e movementos das contas do subgrupo 13:

ELEMENTO CONTABLE	Saldo inicial 01/01/2019	Aumentos	Diminucións	Saldo final 31/12/2019
Subvencións Oficiais de capital (130)	5.602,80 €	46.196,58 €	(43.548,52€)	**8.250,86€**
Doazóns de capital (131)	14.593,36 €	17.398,09 €	(6.440,12€)	**25.551,33€**
Outras subvencións e doazóns (132, 135)	0,00 €	1.652.686,46 €	(1.652.686,46€)	**00,00€**
TOTAL	**20.196,16 €**	**1.716.281,13€**	**(1.702.675,10€)**	**33.802,19€**

Durante o 2020, a Federación, igualmente, executou fondos de distintas administracións públicas e entidades privadas en concepto de subvencións e doazóns para destinar ás actividades e programas federativos e para os investimentos necesarios no exercicio da súa actividade. A continuación indícase o detalle da evolución das contas do subgrupo 13.

ELEMENTO CONTABLE	Saldo inicial 01/01/2020	Aumentos	Diminucións	Saldo final 31/12/2020
Subvencións Oficiais de capital (130)	**8.250,86 €**	158.550,86 €	(116.881,90€)	**49.919,82€**
Doazóns de capital (131)	**25.551,33 €**	1.790,01 €	(9.330,24€)	**18.011,10€**
Outras subvencións e doazóns (132, 135)	**0,00 €**	1.671.444,04 €	(1.671.444,04€)	**00,00€**
TOTAL	**33.802,19 €**	**1.831.784,91€**	**(1.797.656,18€)**	**67.930,92€**

Os investimentos, actividades e servizos desenvolvidos mediante este financiamento coinciden plenamente cos fins da entidade e coas condicións asociadas a estas subvencións e doazóns.

11.1. Subvencións oficiais de capital

A continuación indícase o detalle da partida de "Subvencións oficiais de capital" no exercicio 2019:

ENTIDADES PÚBLICAS CONCESIONARIAS SUBVENCIÓNS OFICIAIS DE CAPITAL	Saldo inicial 01/01/2019	Aumentos (1)	Diminucións (2)	Saldo final 31/12/2019
Deputación Provincial da Coruña 2016	**1.348,99€**	00,00€	(774,40€)	**574,59€**
Deputación Provincial da Coruña 2017	**1.867,90€**	00,00€	(590,80€)	**1.277,10€**
Deputación Provincial da Coruña 2018	**2.385,91€**	00,00€	(601,84€)	**1.784,07€**
Deputación Provincial da Coruña 2019	**00,00€**	2.886,00€	(31,63€)	**2.854,37€**
Consellería de Política Social IRPF 2018-2019	**00,00€**	43.310,58€	(41.549,85€)	**1.760,73€**
TOTAL	**5.602,80€**	**46.196,58€**	**(43.548,52€)**	**8.250,86€**

(1) Os aumentos corresponden ás subvencións públicas de capital obtidas no exercicio.

(2) As diminucións débense ao traspaso a resultados das subvencións de capital en función da depreciación experimentada durante o período polos activos que financian.

Na partida de "Subvencións oficiais de capital", a final de exercicio 2020 preséntase un saldo de 49.919,82€. Rexístranse as subvencións públicas concedidas á Federación para o financiamento de investimentos en inmobilizado necesario no exercicio da súa actividade. A continuación detállase a orixe dos saldos e variacións da mesma:

ENTIDADES PÚBLICAS CONCESIONARIAS SUBVENCIÓNS OFICIAIS DE CAPITAL	Saldo inicial 01/01/2020	Aumentos (1)	Diminucións (2)	Saldo final 31/12/2020
Deputación Provincial da Coruña 2016	**574,59€**	00,00€	(577,63€)	**(03,04€)**
Deputación Provincial da Coruña 2017	**1.277,10€**	00,00€	(590,80€)	**686,30€**
Deputación Provincial da Coruña 2018	**1.784,07€**	00,00€	(601,84€)	**1.182,23€**
Deputación Provincial da A Coruña 2019	**2.854,37€**	00,00€	(577,20€)	**2.277,17€**
Deputación Provincial da Coruña 2020	**00,00€**	3.127,06€	(108,94€)	**3.018,12€**
Consellería de Política Social IRPF 2018-Ex.2019	**1.760,73€**	00,00€	(354,87€)	**1.405,86€**
Consellería de Política Social IRPF 2019-Ex.2020	**00,00€**	145.505,26€	(113.773,54€)	**31.731,72€**
IGAPE subvención Cheque dixital 2020	**00,00€**	9.600,00€	(255,74€)	**9.344,26€**
Doazón en especie Parlamento de Galicia 2020	**00,00€**	318,54€	(41,34€)	**277,20€**
TOTAL	**8.250,86€**	**158.550,86€**	**(116.881,90€)**	**49.919,82€**

(1) Os aumentos corresponden ás subvencións públicas de capital obtidas.
(2) As diminucións débense ao traspaso a resultados das subvencións de capital en función da depreciación experimentada durante o período polos activos que financian.

11.2. Doazóns de capital

A continuación indícase o detalle da partida de "Doazóns de capital" no exercicio 2019:

ENTIDADES PRIVADAS CONCESIONARIAS DOAZÓNS DE CAPITAL	Saldo inicial 01/01/2019	Aumentos (1)	Diminucións (2)	Saldo final 31/12/2019
Premio Cheo de Vida 2019	00,00€	2.999,59€	(443,78€)	2.555,81€
Ceninteser 2011	156,99€	00,00€	(156,99€)	00,00€
Ceninteser-MNProgram 2015	220,46€	00,00€	(220,47€)	(00,01€)
Fundación María Francisca de Roviralta 2017	1.551,37€	00,00€	(750,00€)	801,37€
La Caixa 17-18	8.181,86€	00,00€	(2.500,01€)	5.681,85€
Proxecto DONO 2018	3.652,94€	00,00€	(1.664,45€)	1.988,49€
Proxecto DONO 2018	829,74€	00,00€	(277,58€)	552,16€
Fundación ONCE 2019	00,00€	4.300,00€	(32,99€)	4.267,01€
Banco Santander 2019	00,00€	5.000,00€	(215,75€)	4.784,25€
Proxecto DONO 2019	00,00€	5.098,50€	(178,10€)	4.920,40€
TOTAL	**14.593,36€**	**17.398,09€**	**(6.440,12€)**	**25.551,33€**

(1) Doazóns privadas obtidas no exercicio.
(2) Traspaso a resultados das doazóns de capital en función da depreciación experimentada durante o período polos activos que financian (detállanse en Nota 11.4).

No exercicio 2020, a partida de "Doazóns de capital" presenta a final de exercicio un saldo de 18.011,10€, rexístranse as axudas privadas concedidas á Federación para o financiamento de investimentos en inmobilizado necesario no exercicio da súa actividade. A continuación detállase a orixe dos saldos e variacións:

ENTIDADES PRIVADAS CONCESIONARIAS DOAZÓNS DE CAPITAL	Saldo inicial 01/01/2020	Aumentos (1)	Diminucións (2)	Saldo final 31/12/2020
Premio Cheo de Vida 2019	2.555,81€	00,00€	(749,90€)	1.805,91€
Ceninteser-MNProgram 2016	(00,01€)	00,01€	00,00€	00,00€
Fundación María Francisca de Roviralta 2017	801,37€	00,00€	(750,00€)	51,37€
La Caixa 2018	5.681,85€	00,00€	(2.500,01€)	3.181,84€
Proxecto DONO 2018	1.988,49€	00,00€	(1.664,45€)	324,04€
Proxecto DONO 2018	552,16€	00,00€	(277,58€)	274,58€
Fundación ONCE 2019	4.267,01€	00,00€	(860,00€)	3.407,01€
Banco Santander 2019	4.784,25€	00,00€	(1.250,00€)	3.534,25€
Proxecto DONO 2019	4.920,40€	00,00€	(1.274,63€)	3.645,77€
Fundación Carrefour 2020	00,00€	1.790,00€	(03,67€)	1.786,33€
TOTAL	**25.551,33€**	**1.790,01€**	**(9.330,24€)**	**18.011,10€**

(1)Os aumentos corresponden ás doazóns de capital obtidas no exercicio.

(2)As diminucións débense ao traspaso a resultados das doazóns de capital en función da depreciación experimentada durante o período polos activos que financian (detállanse en Nota 11.4).

11.3. Outras Subvencións e doazóns

A continuación indícase o detalle da partida de "Outras Subvencións e doazóns" no exercicio 2019:

ENTIDADES PÚBLICAS / PRIVADAS CONCESIONARIAS SUBV. / DOAZÓNS ACTIVIDADES	Saldo inicial 01/01/2019	Aumentos	Diminucións	Saldo final 31/12/2019
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social: Convenio para o financiamento de Programas destinados ás persoas con discapacidade intelectual, coa síndrome de Down, en situación de dependencia e as súas familias e do mantemento da Federación	00,00€	469.180,00€	(469.180,00€)	00,00€
Xunta de Galicia Consellería de Política Social: Convenio de Envellecemento	00,00€	100.000,00€	(100.000,00€)	00,00€
Xunta de Galicia Consellería de Política Social: Axuda extraordinaria XV Convenio Colectivo	00,00€	204.205,55€	(204.205,55€)	00,00€
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social: Formación Prelaboral. Expedientes 18-19 e 19-20. Parte imputable ao ano 2019	00,00€	122.914,88€	(122.914,88€)	00,00€
Xunta de Galicia Consellería de Política Social: Axuda con cargo ao 0,7% do IRPF	00,00€	109.030,77€	(109.030,77€)	00,00€
Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria: Programas de Cooperación: expedientes desempregados, garantía xuvenil e axentes de emprego e unidades de apoio	00,00€	439.474,56€	(439.474,56€)	00,00€
Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria: Servizo de Orientación laboral	00,00€	78.491,41€	(78.491,41€)	00,00€
Deputación Provincial da Coruña	00,00€	16.956,67€	(16.956,67€)	00,00€
Deputación Provincial de Ourense	00,00€	2.500,00€	(2.500,00€)	00,00€

ENTIDADES PÚBLICAS / PRIVADAS CONCESIONARIAS SUBV. / DOAZÓNS ACTIVIDADES	Saldo inicial 01/01/2019	Aumentos	Diminucións	Saldo final 31/12/2019
Deputación Provincial de Pontevedra	00,00€	6.000,00€	(6.000,00€)	00,00€
Bonus Prevención Seguridade Social non sinistralidade	00,00€	466,20€	(466,20€)	00,00€
IGVS cesión 3 vivendas	00,00€	15.000,00€	(15.000,00€)	00,00€
TOTAL OUTRAS SUBVENCIÓNS (A)	***00,00€***	***1.564.220,04€***	***(1.564.220,04€)***	***00,00€***
Fundación ONCE	00,00€	36.000,00€	(36.000,00€)	00,00€
Fundación Inocente Inocente	00,00€	15.000,00€	(15.000,00€)	00,00€
Fondation Amigo	00,00€	20.000,00€	(20.000,00€)	00,00€
Fundación konecta	00,00€	3.600,00€	(3.600,00€)	00,00€
Bankia	00,00€	1.000,00€	(1.000,00€)	00,00€
BBVA	00,00€	7.251,00€	(7.251,00€)	00,00€
Fundación Equilibri	00,00€	03,17€	(03,17€)	00,00€
Doazóns particulares-empresas	00,00€	4.070,76€	(4.070,76€)	00,00€
Doazóns particulares	00,00€	1.541,47€	(1.541,47€)	00,00€
TOTAL OUTRAS DOAZÓNS (B)	***00,00€***	***88.466,40€***	***(88.466,40€)***	***00,00€***
TOTAL OUTRAS SUBVENCIÓNS E DOAZÓNS (A+B)	**00,00€**	**1.652.686,46€**	**(1.652.686,46€)**	**00,00€**

Na partida "Outras Subvencións e doazóns", que presenta a final de exercicio 2020 un saldo total de 0,00€, rexístranse as subvencións públicas e as doazóns privadas concedidas e consideradas non reintegrables, para destinar ás actividades e programas executados pola Federación no exercicio da súa actividade. A continuación detállanse a orixe dos saldos e variacións en dita partida de forma separada por financiadores públicos e privados:

ENTIDADES PÚBLICAS / PRIVADAS CONCESIONARIAS SUBV. / DOAZÓNS ACTIVIDADES	Saldo inicial 01/01/2020	Aumentos	Diminucións	Saldo final 31/12/2020
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social: Convenio para o financiamento de Programas destinados ás persoas con discapacidade intelectual, coa síndrome de Down, en situación de dependencia e as súas familias e do mantemento da Federación	00,00€	690.688,00 €	(690.688,00€)	00,00€
Xunta de Galicia Consellería de Política Social: Convenio de Envellecemento	00,00€	140.000,00 €	(140.000,00€)	00,00€
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social: Formación Prelaboral. Expediente 19-20. Parte imputable ao ano 2020	00,00€	2.526,76 €	(2.526,76€)	00,00€
Xunta de Galicia Consellería de Política Social: Axuda con cargo ao 0,7% do IRPF	00,00€	231.014,13 €	(231.014,13€)	00,00€

ENTIDADES PÚBLICAS / PRIVADAS CONCESIONARIAS SUBV. / DOAZÓNS ACTIVIDADES	Saldo inicial 01/01/2020	Aumentos	Diminucións	Saldo final 31/12/2020
Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria: Programas de Cooperación: expedientes desempregados, garantía xuvenil e axentes de emprego e unidades de apoio	00,00€	451.825,71 €	(451.825,71€)	00,00€
Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria: Servizo de Orientación laboral	00,00€	77.113,21 €	(77.113,21€)	00,00€
Deputación Provincial da Coruña	00,00€	18.050,00 €	(18.050,00€)	00,00€
Deputación Provincial de Ourense	00,00€	8.500,00 €	(8.500,00€)	00,00€
Deputación Provincial de Pontevedra	00,00€	6.000,00 €	(6.000,00€)	00,00€
Bonus Prevención Seguridade Social non sinistralidade	00,00€	788,85 €	(788,85€)	00,00€
IGVS cesión 3 vivendas	00,00€	15.000,00 €	(15.000,00€)	00,00€
TOTAL OUTRAS SUBVENCIÓNS (A)	***00,00€***	***1.641.506,66€***	***(1.641.506,66€)***	***00,00€***
Fondation Amigo	00,00€	15.000,00€	(15.000,00€)	00,00€
Fundación konecta-Mapfre: Programa Juntos Somos Capaces	00,00€	8.050,00€	(8.050,00€)	00,00€
Bankia	00,00€	3.550,00€	(3.550,00€)	00,00€
Captación La Voz de Galicia	00,00€	1.547,38€	(1.547,38€)	00,00€
Doazóns particulares-empresas	00,00€	500,00€	(500,00€)	00,00€
Doazóns particulares	00,00€	1.290,00€	(1.290,00€)	00,00€
TOTAL OUTRAS DOAZÓNS (B)	***00,00€***	***29.937,38€***	***(29.937,38€)***	***00,00€***
TOTAL OUTRAS SUBVENCIÓNS E DOAZÓNS (A+B)	**00,00€**	**1.671.444,04€**	**(1.671.444,04€)**	**00,00€**

11.4. Imputación ao resultado de Subvencións e doazóns

11.4.a) Imputación ao resultado de Subvencións e doazóns de explotación afectas a actividade propia

A imputación de subvencións e doazóns de explotación ao resultado do exercicio 2020 correspondentes a subvencións públicas e a doazóns privadas concedidas á Federación para destinar ás súas actividades ten a seguinte desagregación:

SUBVENCIÓNS DE EXPLOTACIÓN		
ENTIDADE (ORIXE)	**IMPORTE**	**ÁREA / PROGRAMA (APLICACIÓN)**
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social: subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas	60.665,12 €	Área transversal / Apoio a familias de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
	36.271,60 €	Área de vida adulta e independente / Apoio e intervención no proceso de envellecemento de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais

SUBVENCIÓNS DE EXPLOTACIÓN		
ENTIDADE (ORIXE)	**IMPORTE**	**ÁREA / PROGRAMA (APLICACIÓN)**
	16.629,30 €	Área de educación / Programa de inclusión educativa de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
	35.112,76 €	Área transversal / Programas de ocio de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
	16.745,19 €	Área complementaria / Programa de apoio psicolóxico de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
	34.880,99 €	Área transversal / Programa de sensibilización de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
	16.049,89 €	Área complementaria / Vida saudable de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
	14.659,28 €	Área transversal /Programa de accesibilidade de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
	32.423,96 €	Área Transversal / Proxecto de Acondicionamento e mellora de recursos materiais para o servizo de promoción da autonomía persoal executado polas entidades membro da Federación. Actúase como intermediaria canalizando o financiamento cara as entidades membro, tal e como establece a Orde que regula a Subvención
	76.875,29 €	Área Transversal / Proxecto de Ampliación e acondicionamento do local da asociación Down Lugo (Fase II). Actúase como intermediaria canalizando o financiamento cara as entidades membro, tal e como establece a Orde que regula a Subvención
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social: Convenio para a financiación das actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e prevención e atención á dependencia	690.688,00 €	Tódalas áreas de actuación / Mantemento da Federación e Promoción de Actividades
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social: Convenio de colaboración para a financiación do Proxecto Avaliación do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual	140.000,00 €	Área Vida adulta e independente / Avaliación do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social: Formación Prelaboral	2.526,76 €	Área Formación e Emprego / Formación: Preparación oposicións: Proxecto 2018-2019
Xunta de Galicia, Consellería de Emprego e Igualdade, Programas de Cooperación: TR352 B_Expedientes 2019 e 2020 Axentes de Emprego	153.610,66 €	Área Formación e Emprego / Emprego con Apoio: Axentes de Emprego
Xunta de Galicia, Consellería de Emprego e Igualdade, Programas de Cooperación: TR352 B_Expedientes 2019 e 2020 Unidades de Apoio	85.775,74 €	Área Formación e Emprego / Emprego con Apoio: Unidades de Apoio
Xunta de Galicia, Consellería de Emprego e Igualdade, Programas de Cooperación, subvencións para a contratación de persoas desempregadas polas entidades sen ánimo de lucro:	182.106,12 €	Tódalas áreas de actuación: Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP)

SUBVENCIÓNS DE EXPLOTACIÓN		
ENTIDADE (ORIXE)	**IMPORTE**	**ÁREA / PROGRAMA (APLICACIÓN)**
TR352A Expedientes 2019 e 2020		
Xunta de Galicia, Consellería de Emprego e Igualdade, Programas de Cooperación, subvencións para a contratación de persoas desempregadas polas entidades sen ánimo de lucro Programa de Garantía Xuvenil: TR352 C Expediente 2019	30.333,28 €	Área transversal / envellecemento, formación práctica e xestión de datos de persoas coa síndrome de Down e/o discapacidade intelectual
Xunta de Galicia, Consellería de Emprego e Igualdade, Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral: Orientación laboral TR331A Expedientes 2019 e 2020	77.113,21 €	Área Formación e Emprego / Servizo de Orientación laboral
Deputación Provincial da Coruña	18.050,00 €	Área Formación e Emprego / Emprego con Apoio - Provincia da Coruña
Deputación Provincial de Ourense	8.500,00 €	Área Formación e Emprego / Emprego con Apoio - Provincia de Ourense
Deputación Provincial de Pontevedra	6.000,00 €	Área Formación e Emprego / Emprego con Apoio - Provincia de Pontevedra
Bonus Seguridade social por non sinistralidade	788,85 €	Tódalas áreas de actuación
IGVS Cesión vivendas: A Coruña, Vigo e Compostela	15.000,00 €	Área Vida Adulta e independente
TOTAL SUBVENCIÓNS EXPLOTACIÓN	**1.750.806,00 €**	

DOAZÓNS DE EXPLOTACIÓN		
ENTIDADE (ORIXE)	**IMPORTE**	**ÁREA / PROGRAMA (APLICACIÓN)**
Bankia	3.550,00 €	Área Inclusión educativa
Fondation Amigo	15.000,00 €	Tódalas áreas / Servizo de promoción da autonomía persoal (SEPAP)
Fundación Mapfre-Fundación Konecta Programa Juntos Somos Capaces	8.050,00 €	Área Formación e Emprego
Ingresos accións de captación	1.547,38 €	Tódalas áreas / Fins Actividade social
Doazóns particulares Empresas	500,00 €	Tódalas áreas / Fins Actividade social
Doazóns particulares persoas físicas	1.290,00 €	Tódalas áreas / Fins Actividade social
TOTAL	**29.937,38 €**	

11.4. b) Imputación ao resultado de Subvencións e doazóns de capital afectas a actividade propia

A imputación de subvencións e doazóns de capital ao resultado do exercicio correspondentes a subvencións públicas e doazóns privadas concedidas á Federación para adquirir activos do inmobilizado intanxible e material necesarios para executar as actividades e programas federativos, impútanse como ingresos do exercicio en proporción á dotación á amortización efectuada para os citados elementos.

A imputación das subvencións e doazóns de capital ao resultado 2020 correspóndense co seguinte detalle:

SUBVENCIÓNS DE CAPITAL		
ENTIDADE (ORIXE)	**IMPORTE**	**ÁREA / PROGRAMA (APLICACIÓN)**
Deputación Provincial da Coruña 2016	577,63 €	Tódalas áreas / Inversións: Inmobilizado (Subvención Oficial de Capital traspasada a Resultados)
Deputación Provincial da Coruña 2017	590,80 €	
Deputación Provincial da Coruña 2018	601,84 €	
Deputación Provincial da Coruña 2019	577,20 €	
Deputación Provincial da Coruña 2020	108,94 €	
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Subvención IRPF 18-19	354,87 €	
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Subvención IRPF 19-20	4.474,29 €	
Xunta de Galicia, IGAPE: Cheque dixital Covid-19 2020	255,74 €	
Parlamento de Galicia, doazón en especie de equipos informáticos 2020	41,34 €	
TOTAL SUBVENCIÓNS DE CAPITAL	**7.582,65 €**	

DONACIÓNS DE CAPITAL		
ENTIDADE (ORIXE)	**IMPORTE**	**ÁREA / PROGRAMA (APLICACIÓN)**
Premio "Cheo de Vida" 19	749,90 €	Tódalas áreas / Inversións: Inmobilizado
Fundación Solidaridad Carrefour 20	3,67 €	Tódalas áreas / Inversións: Inmobilizado
Fundación ONCE 19	860,00 €	Tódalas áreas / Inversións: Inmobilizado
Santander Ayuda 19	1.250,00 €	Tódalas áreas / Inversións: Inmobilizado
Fundación Roviralta 17	750,00 €	Área Inclusión Educativa/ Inversións: Inmobilizado
Fundación La Caixa 18	2.500,00 €	Área Inclusión Educativa/Inversións: Inmobilizado
Proxecto Dono Technosite 18 e 19	3.216,67 €	Todas las áreas / Inversións: Inmobilizado
TOTAL	**9.330,24 €**	

12. ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN

12.1 Actividade da entidade

I. Actividades realizadas

Actividade 1

A) Identificación

Denominación da actividade	Servizo de promoción da autonomía persoal (SEPAP)
Tipo de actividade	Actividade propia compartida cas entidades membro da Federación
Identificación da actividade por sectores	Discapacidade intelectual, síndrome de Down
Lugar de desenvolvemento da actividade	Comunidade Autónoma de Galicia

Descrición detallada da actividade realizada

Os servizos que proporcionan as entidades Down oriéntanse a un **servizo integral de atención ás persoas con discapacidade intelectual de promoción da súa autonomía (SEPAP)**. Dado que este servizo abarca todo o período evolutivo das persoas, realízase unha organización dos mesmos atendendo a necesidades específicas en cada un deses períodos, pero tendo en conta que a persoa é un "todo integral" que non se pode separar e precisa, en moitas ocasións, dunha atención de servizos das diferentes áreas que garantan o seu desenvolvemento integral.

Na actualidade, DOWN GALICIA desenvolve o seu labor prestando un Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP) organizado en 6 áreas de atención que se presentan a continuación:

Áreas de Actuación / As etapas da vida:



- **Área de atención temperá:** formada por servizos dirixidos a persoas usuarias (e as súas familias) entre 0 e 6 anos que aínda non están integrados no sistema educativo.
- **Área de educación:** integrada por programas dirixidos a persoas usuarias a partir de 3 anos que están dentro do sistema educativo regrado e onde os programas que a conforman teñen como principal obxectivo a inclusión educativa das súas persoas usuarias.
- **Área de formación e emprego:** dirixida, principalmente, ás persoas usuarias que terminaron a súa etapa educativa no sistema regrado, así como tamén a aquelas persoas que aínda estando no sistema educativo están na procura activa de emprego. O obxectivo principal dos programas recollidos nesta área é desenvolver as capacidades das persoas usuarias para a inserción laboral e/ou a mellora da súa empregabilidade.
- **Área vida adulta e independente:** integra aqueles programas dirixidos, principalmente, a dotar de apoio ás persoas usuarias para a súa integración social activa. Nesta área

están recollidos aqueles programas dirixidos a persoas usuarias que teñen terminada a etapa educativa regrada e/ou que se atopen en etapa de adolescencia.

- **Área complementaria:** conformada por aqueles programas que, pola súa natureza aplicable a calquera etapa evolutiva, son susceptibles de dar soporte a calquera áreas.
- **Área Programas transversais:** recóllense os programas que, pola súa natureza transversal, ademais de estar presentes en todas as áreas abarcan todos os grupos de interese (de maneira global) das entidades: persoas usuarias, familias e contorno social. A maiores, englobará aqueloutros programas que non son de atención directa ás persoas usuarias, pero que, con todo, repercuten no bo desenvolvemento da totalidade dos programas.

De acordo con esta filosofía de intervención, todos os servizos postos en marcha desde a orixe das entidades membro da Federación responden a unha análise rigorosa da realidade das persoas coa síndrome de Down e as súas familias na área de influencia da entidade. A través destes servizos preténdese garantir, ás persoas coa síndrome de Down, as maiores cotas de independencia e participación social na mesma medida que o resto de cidadáns.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número		Nº horas/ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	31	32,58	53.320	56.029
Persoal con contrato de servizo	1	1	366	366
Persoal voluntario	0	7	0	602

C) Persoas beneficiarias ou usuarias da actividade

Tipo	Número	
	Previsto	Realizado
Persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual	724	741
Familiares da persoa coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual	2.172	2.223
Persoas xurídicas	8	8

D) Recursos económicos empregados na actividade

Gastos/Inversións	Importe	
	Previsto	Realizado
Gastos por axudas e outros	**617.535,64 €**	**524.146,38 €**
a) Axudas monetarias	601.935,64 €	506.409,84 €
b) Axudas non monetarias	15.000,00 €	15.000,00 €
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno	600,00 €	0,00 €
d) Reintegros por subvencións, doazóns e legados	0,00 €	2.736,54 €
Aprovisionamentos	**215.864,00 €**	**263.959,42 €**

Gastos/Inversións	Importe	
	Previsto	Realizado
Gastos de persoal	**908.631,93 €**	**912.738,60 €**
Outros gastos da actividade	**170.938,77 €**	**123.847,50 €**
Amortización do Inmobilizado	**19.559,01 €**	**18.135,78 €**
Deterioro e resultado por baixas no inmobilizado	**- €**	**89,22 €**
Impostos sobre beneficios	**- €**	**- €**
Subtotal Gastos	**1.932.529,35 €**	**1.842.916,90 €**
Adquisicións de Inmobilizado (Agás Bens Patrimonio Histórico)	**54.223,52 €**	**58.207,21 €**
Subtotal Inversións	**54.223,52 €**	**58.207,21 €**
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	**1.986.752,87 €**	**1.901.124,11 €**

E) Obxectivos e indicadores da actividade

OBXECTIVO	INDICADOR	Previsto	Resultado
Servizo Emprego con Apoio (ECA): incrementar o número de persoas usuarias con actividade laboral a través de contratación	Persoas usuarias con contrato	50%	69%
Servizo ECA: Incrementar o número de persoas usuarias activas a través de prácticas e/ou contratación	Persoas usuarias activas	60%	71%
Servizo ECA: Incrementar o el número de empresas colaboradoras a través de novas colaboracións	Incremento da colaboración	10%	28%
Servizo ECA: Incrementar o número de empresas que inclúen as persoas usuarias nas súas empresas (ben en prácticas ou contratación)	Incremento de contratos e prácticas no servizo	25%	37%
Coñecer o grado de satisfacción das persoas usuarias co servizo ECA	Satisfacción das persoas usuarias co servizo ECA	80%	i
Coñecer o grado de satisfacción das empresas co servizo ECA	Satisfacción das empresas co servizo ECA (sobre 5)	3,5	Non recollido
Coñecer o grado de satisfacción das familias co servizo ECA	Satisfacción das familias co servizo ECA (sobre 5)	3,5	4,61
Servizo de Formación Laboral: Promover a realización de prácticas formativas nas empresas para as persoas usuarias de formación laboral	Persoas usuarias do servizo con prácticas	20	31
Servizo de Formación Laboral: Promover a realización de formación no entorno ordinario entre as persoas de Formación Laboral: Promover a realización de formación no entorno ordinario entre as persoas usuarias de Formación laboral	Persoas usuarias do servizo con formación no entorno ordinario	20	13
Servizo de Formación Laboral: Facilitar accións de formación para o emprego	Cursos realizados pola entidade	7	15
Favorecer o grao de avance das persoas usuarias nos obxectivos establecidos para os seus programas	% de persoas usuarias que avanzan no programa	80%	Promedio : máis do 80 %
Servizo Educación: Coñecer o grado de satisfacción dos centros educativos co servizo de Educación das entidades Down	Satisfacción centros educativos (sobre 5)	3,5	Non recollido

OBXECTIVO	INDICADOR	Previsto	Resultado
Coñecer o grado de satisfacción das persoas usuarias co servizo de Educación	Satisfacción das persoas usuarias co programa	80%	100%
Coñecer o grado de satisfacción das persoas usuarias cos programas da área de vida adulta	Satisfacción das persoas usuarias cos programas	80%	100%
Coñecer o grado de satisfacción das persoas usuarias cos programas da área complementaria	Satisfacción das persoas usuarias cos programas	80%	97,30%
Coñecer o grado de satisfacción das persoas usuarias cos programas da área transversal	Satisfacción das persoas usuarias cos programas	80%	100%
Coñecer o grado de satisfacción das familias co servizo SEPAP	Satisfacción familias co servizo recibido (sobre 5)	3,5	4,72
Mellorar os niveis de atención das familias nos programas dos que se benefician	Media de actuacións realizadas por familia	1	6,32
Garantir unha boa prestación de servizos por parte dos provedores cos que se traballa	Provedores con incidencias graves	10%	10%
Incrementar a cantidade obtida a través de fondos privados	Éxito da concesión privada	15%	5,61%
Incrementar a cantidade obtida a través de fondos públicos	Éxito da concesión pública	80%	58,20%
Incrementar o número de solicitudes privadas concedidas	Éxito da captación privada	15%	9,38%
Incrementar o número de solicitudes públicas concedidas	Éxito da captación pública	80%	92,00%
SEPAP: Establecer accións de coordinación relativas á mellora na execución de programas e na prestación de servizos da Federación	Eficacia da coordinación	75%	79,40%
Servizo Orientación Laboral (OL): Prestar actuacións que melloren a orientación laboral dos e das demandantes rexistrados no SPE de Galicia	Índice medio de entrevista por demandante	4	3,47
Servizo OL: Mellorar os niveis de empregabilidade dos e das demandantes de emprego a través da definición de Itinerarios Personalizados de Inserción	% IPI	20%	22,87%
Coñecer o grado de satisfacción das persoas usuarias do servizo de Orientación Laboral	Satisfacción persoas usuarias co servizo Orientación Laboral	80%	99,54%
Fidelizar aos financiadores dos servizos prestados	Fidelización de financiadores	30%	48,00%
Ofrecer un servizo de calidade e satisfactorio ás entidades membro	Satisfacción servizos Federación (sobre 5)	3,5	4,27

Actividade 2

A) Identificación

Denominación da actividade	Xestión de formación bonificada para o emprego
Tipo de actividade	Actividade mercantil
Identificación da actividade por sectores	Formación
Lugar de desenvolvemento da actividade	Comunidade Autónoma de Galicia

Descrición detallada da actividade realizada

Esta actividade consiste no desenvolvemento da xestión da formación para o persoal da Federación e as súas entidades membro, así como os trámites necesarios para obter a bonificación que a Seguridade Social, a través de FUNDAE, realiza para as devanditas actividades de formación. Deste xeito, Down Galicia xestiona o crédito de formación propio e o das entidades membro, non obtendo beneficio algún pola devandita actividade. A operación é a seguinte: Down Galicia contrata e asume os gastos correspondentes á formación para o persoal e posteriormente factura a cada entidade membro a parte que lle corresponde asumir derivada da asistencia do seu persoal á formación. Ademais, Down Galicia realiza as xestións oportunas coa Seguridade Social a través de FUNDAE, para que se poida proceder coa aplicación das bonificacións oportunas. Trátase dunha actividade accesoria, sendo a actividade principal da entidade a actividade 1.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número		Nº horas/ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	0	0	0	0
Persoal externo	8	7	141	72
Persoal voluntario	0	0	0	0

C) Beneficiarios/ as ou usuarios/ as da actividade

Tipo	Número	
	Previsto	Realizado
Persoas físicas	154	261
Persoas xurídicas	8	8

O dato persoas físicas recolle o nº de participantes nas formacións levadas a cabo no exercicio. Debido á situación de pandemia realizouse formación a todo o persoal en medidas de prevención COVID-19. É necesario ter en conta que unha persoa pódese beneficiar de máis dunha formación, polo cal se computaría tantas veces como formacións recibise, benefíciase de tantas formacións como reciba.

D) Recursos económicos empregados na actividade

Gastos/Inversións	Importe	
	Previsto	Realizado
Gastos por axudas e outros	**- €**	**0,00 €**
a) Axudas monetarias	- €	0,00 €
b) Axudas non monetarias	- €	0,00 €
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno	- €	0,00 €
Aprovisionamentos	**13.000,00 €**	**5.474,50 €**
Gastos de persoal	**- €**	**0,00 €**
Outros gastos da actividade	**- €**	**0,00 €**
Amortización do Inmobilizado	**- €**	**0,00 €**
Gastos financeiros	**- €**	**0,00 €**
Subtotal Gastos	**13.000,00 €**	**5.474,50 €**
Adquisicións de Inmobilizado (Agás Bens Patrimonio Histórico)	**- €**	**0,00 €**
Subtotal Inversións	**- €**	**0,00 €**
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	**13.000,00 €**	**5.474,50 €**

E) Obxectivos e indicadores da actividade

OBXECTIVO	INDICADOR	PREVISTO	REALIZADO
Realizar accións formativas que beneficien a todo o equipo de profesionais	Beneficiarios/as da formación	90	182

A desviación do conseguido sobre o previsto está motivada na situación de excepcionalidade do exercicio 2020 derivada da pandemia por COVID-19, evitándose as formacións presenciais e axustando a actividade á situación.

II. Recursos económicos totais empregados pola entidade

Gastos/Inversións	Actividade 1 "Servizo de Promoción da autonomía persoal (SEPAP)"	Actividade 2 "Xestión de formación bonificada"	Total Actividades	Non imputados ás actividades	TOTAL
Gastos por axudas e outros	**524.146,38 €**	**- €**	**524.146,38 €**		**524.146,38 €**
a) Axudas monetarias	506.409,84 €	**- €**	506.409,84 €		506.409,84 €
b) Axudas non monetarias	15.000,00 €	**- €**	15.000,00 €		15.000,00 €
d) Reintegros por subvencións, doazóns e legados	2.736,54 €	**- €**	2.736,54 €		2.736,54 €
Aprovisionamentos	263.959,42 €	**5.474,50 €**	**269.433,92 €**		**269.433,92 €**
Gastos de persoal	912.738,60 €	**- €**	**912.738,60 €**		**912.738,60 €**
Outros gastos da actividade	123.847,50 €	**- €**	**123.847,50 €**		**123.847,50 €**
Amortización do Inmobilizado	18.135,78 €	**- €**	**18.135,78 €**		**18.135,78 €**
Deterioro e resultado por baixas no inmobilizado	89,22 €	**- €**	**89,22 €**		**89,22 €**

Gastos/Inversións	Actividade 1 "Servizo de Promoción da autonomía persoal (SEPAP)"	Actividade 2 "Xestión de formación bonificada"	Total Actividades	Non imputados ás actividades	TOTAL
Impostos sobre beneficios	**- €**	**- €**	**- €**		**- €**
Subtotal Gastos	**1.842.916,90 €**	**5.474,50 €**	**1.848.391,40 €**		**1.848.391,40 €**
Adquisicións do Inmobilizado (Agás Bens Patrimonio Histórico)	58.207,21 €	- €	58.207,21 €		58.207,21 €
Subtotal Inversións	**58.207,21 €**	**- €**	**58.207,21 €**		**58.207,21 €**
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	**1.901.124,11 €**	**5.474,50 €**	**1.906.598,61 €**		**1.906.598,61 €**

III. Recursos económicos totais obtidos pola entidade

Ingresos obtidos pola entidade

INGRESOS	Previsto	Realizado
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	34.537,56 €	34.101,37 €
Subvencións do sector público	1.873.834,97 €	1.759.045,67 €
Achegas privadas	19.156,81 €	37.977,62 €
Outros tipos de ingresos	18.000,00 €	17.470,11 €
TOTAL INGRESOS OBTIDOS	**1.945.529,34 €**	**1.848.594,77 €**

A) Outros recursos económicos obtidos pola entidade

OUTROS RECURSOS	Previsto	Realizado
Débedas contraídas	- €	- €
Outras obrigas financeiras asumidas	- €	- €
TOTAL OUTROS RECURSOS OBTIDOS	**- €**	**- €**

IV. Convenios de colaboración con outras entidades

Nº	DESCRICIÓN	Ingresos	Gastos	Non produce corrente de bens e servizos
1	Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Down Galicia, para a concesión de subvencións para a financiación das actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e prevención e atención á dependencia da Federación Down Galicia no ano 2020	690.688,00 €	690.688,00 €	
2	Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Down Galicia para o financiamento do proxecto avaliación del envellecemento das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais	140.000,00 €	140.000,00 €	
3	Convenio con La Voz de Galicia para colaboración campaña Día Mundial da Síndrome de Down	1.547,38 €	1.032,20 €	

Nº	DESCRICIÓN	Ingresos	Gastos	Non produce corrente de bens e servizos
4	Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela marco de colaboración para a realización de prácticas			X
5	Convenio de colaboración con Clece S.A. para o fomento da inclusión laboral			X
6	Convenio de colaboración con Gohu para o uso da súa plataforma informática			X
7	Convenio adhesión Rede Eusumo, coa Consellería de Emprego e Igualdade			X
8	Convenio ca Consellería de Cultura, educación e universidades para favorecer a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e discapacidade intelectual			X

V. Desviacións entre plan de actuación e datos realizados

A continuación analízanse as desviacións por partidas:

- **Gastos:**

No seguinte esquema recóllense as desviacións que tiveron lugar nas partidas de gasto:

Gastos/Inversións	Desviacións
Gastos por axudas e outros	**(93.389,26€)**
a) Axudas monetarias	(95.525,80€)
b) Axudas non monetarias	00,00€
c) Gastos por colaboracións e de órganos de goberno	(600,00€)
d) Reintegros por subvencións, doazóns e legados	2.736,54€
Aprovisionamentos	40.569,92€
Gastos de persoal	4.106,67€
Outros gastos da actividade	(47.091,26€)
Amortización do Inmobilizado	(1.423,23€)
Deterioro e resultado por baixas en inmobilizado	89,22€
Impostos sobre beneficios	00,00€
Subtotal Gastos	**(97.137,94€)**
Adquisicións de Inmobilizado (Agás Bens Patrimonio Histórico)	3.983,69€
Subtotal Inversións	**3.983,69€**
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	**(93.154,26€)**

• Na partida de "Gastos por axudas e outros" preséntase unha desviación á baixa derivada principalmente das "*Axudas monetarias*" que recolle a repartición de subvencións e axudas a entidades federadas, así como o pago de cotas a entidades das que a Federación é membro. Obsérvase que o gasto real foi menor ao orzado nunha contía considerable e isto débese principalmente a que se estimou a repartición dunha subvención da Consellería de Política Social para Formación Prelaboral que se obtivo nos últimos anos e que financiaba

varios proxectos das entidades membro, pero que finalmente a Consellería suspendeu, non outorgando outro financiamento para paliar esta carencia de subvención e, por tanto, non puideron desenvolverse os proxectos que financiaba. Deste xeito xerouse unha desviación na partida de gastos e nos ingresos, minorando o orzamento total executado.

Aínda que o montante total de desviación viuse compensado en parte pola repartición de concesións privadas que non se estimaron, como a de Fondation Amigo e o programa Xuntos Somos Capaces, non foi suficiente para cubrir a desaparición dunha subvención relevante.

Non tivo lugar a compensación de gastos do órgano de goberno debido a que se pasou a realizar reunións a través de medios telemáticos, evitando gastos en desprazamentos.

Os gastos por *reintegros de subvencións*, que non se estimaron, producíronse por reclamacións por parte de organismos financiadores, que esixiron a devolución de parte de axudas outorgadas inicialmente ao considerar non subvencionables determinados gastos, sendo o máis relevante o da subvención que cobre o servizo de Orientación laboral, por non cubrir os gastos derivados do período de Incapacidade temporal por enfermidade dunha técnico.

• A partida de "Aprovisionamentos" mostra unha desviación á alza debida a que se contrataron servizos especializados ás entidades membro para o desenvolvemento da actividade principal por un importe maior ao que se estimou, aínda que, en canto á actividade de Xestión de formación bonificada, estimouse por unha contía maior á finalmente executada debido a que se realizaron menos xestións de formación bonificada das que se previron, traspasando o crédito para formación non consumido no ano 2020 para o exercicio 2021.

• A desviación total de "Gastos de persoal" non reflicte unha contía elevada, debéndose principalmente á contratación temporal dunha técnico de apoio no centro de traballo de Pontevedra, na área de administración.

É necesario mencionar que, a pesar do ano tan excepcional derivado da pandemia, non se produciron regularizacións de persoal, podendo manter o persoal traballando grazas á adaptación nas prestacións do servizo a distancia.

• A partida de "Outros gastos da actividade" presenta unha desviación á baixa considerable debido, principalmente, á redución no gasto de transporte das persoas usuarias durante a suspensión das actividades presenciais, aínda que outros gastos eleváronse para cumprir

coas medidas preventivas necesarias ante a COVID-19 e realizar unha volta segura do persoal.

• Na partida de "Amortización do inmobilizado" obsérvase unha desviación realizada por baixo do orzado debido, principalmente, ás datas dos activos adquiridos no exercicio 2020.

• O gasto por *Deterioración e resultado por baixas en inmobilizado,* que non se estimou, provén da rotura dunha tableta electrónica.

➢ **Inversións:**

Ao longo do exercicio recibíronse diversas axudas para financiar a compra de equipamento informático, as cales non foran estimadas inicialmente por ser axudas por concorrencia competitiva e con alta incerteza de concesión. Isto derivou na compra de máis activos do que se orzou.

➢ **Ingresos:**

O seguinte cadro mostra as desviacións nas partidas de ingresos con respecto ao orzamento:

INGRESOS	Desviacións
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	(436,19€)
Subvencións do sector público	(114.789,30€)
Achegas privadas	18.820,81€
Outros tipos de ingresos	(529,89€)
TOTAL INGRESOS OBTIDOS	**(96.934,57€)**

• A partida de "Prestacións de servizos das actividades propias" presenta unha lixeira desviación á baixa, non relevante.

• A partida de "Subvencións do sector público" presenta un descenso considerable sobre o importe estimado, que se debe, tal e como se comentou previamente, a que se estimou unha subvención da Consellería de Política Social para Formación Prelaboral na mesma liña dos últimos anos e que financiaba varios proxectos das entidades membro, pero que finalmente a Consellería suspendeu, non outorgando outro financiamento para paliar esta carencia de subvención e, por tanto, non podendo desenvolverse os proxectos que financiaba. Deste xeito xerouse unha desviación á baixa na partida de ingresos e, en paralelo, sobre os gastos que financiaba, minorando o orzamento total executado.

• Na partida correspondente a "Achegas privadas" obsérvase un aumento con respecto ao orzado. Débese fundamentalmente á obtención dunha doazón de Fondation Amigo por importe de 15.000 € para colaborar cos fins de Down Galicia e axudas recibidas a través de colaboracións particulares.

• Na partida outros ingresos dase unha desviación á alza de escasa contía.

13. OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS: NEGOCIOS CONXUNTOS

O 22 de maio de 2019 a Federación Down Galicia, xunto con Saúde Mental Feafes Galicia Federación de asociacións de familiares de persoas con enfermidade mental de Galicia, constitúen a Unión temporal de entidades denominada "Down Galicia - Saúde Mental UNIÓN TEMPORAL DE ENTIDADES DENOMINADA "UTE Saúde mental FEAFES Galicia – Down Galicia emprego con apoio". A finalidade desta unión foi a contratación pola Asociación Inserta Empleo, dos servizos de desenvolvemento dun proxecto de inserción laboral de persoas con discapacidade no mercado de traballo ordinario, mediante fórmulas de emprego con apoio e apoio ao emprego, no marco que representa a execución e xestión do programa operativo de inclusión social e economía social, e o programa de emprego xuvenil, cofinanciados polo Fondo Social Europeo (FSE) na Comunidade Autónoma de Galicia (contrato 018/15/19), sendo esta contratación o resultado dunha adxudicación vía concurso.

A UTE foi disolta con data 31/12/2019, terminando a súa actividade o 30/09/2019.

A Federación Down Galicia foi partícipe da UTE nun 50% e integrou na contabilidade do exercicio 2019 os movementos derivados da operativa da devandita entidade, así como os saldos nas contas de balance e de ingresos e gastos a peche do exercicio. Utilizouse unha conta específica de balance para rexistrar as achegas realizadas, que foi saldada ao peche.

Para o exercicio da actividade contratada á UTE, a Federación Down Galicia achegou os recursos humanos necesarios, sendo facturada esta achega por importe 94.293,36€, realizado o apuntamento contable correspondente, importe debidamente cobrado.

O resultado da disolución da UTE lanzou un beneficio de 148,75€, cuxo rexistro se realizou na contabilidade de Down Galicia.

Non se considerou, no desenvolvemento da operación, ningún risco para asumir por parte de Down Galicia.

No exercicio 2020 non tiveron lugar o desenvolvemento de negocios conxuntos.

14. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS

1) A Federación non posúe bens que non estean afectos a fins fundacionais ao 31 de decembro de 2020, polo que todos os bens e dereitos recolleitos no balance ao 31 de decembro de 2020 están vinculados directamente ao cumprimento dos fins propios.

2) En virtude do establecido no artigo 3º, apartado 2º da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, infórmase neste apartado do cumprimento do destino de rendas e ingresos.

Segundo a citada normativa, a Federación deberá destinar, á realización dos seus fins de interese xeral, polo menos o 70 por 100 das seguintes rendas e ingresos:

a) As rendas das explotacións económicas que desenvolvan.

b) As rendas derivadas da transmisión de bens ou dereitos da súa titularidade. No cálculo destas rendas non se incluirán as obtidas na transmisión onerosa de bens inmobles nos que a entidade desenvolva a actividade propia do seu obxecto ou finalidade específica, sempre que o importe da citada transmisión se reinvista en bens e dereitos nos que concorra dita circunstancia.

c) Os ingresos que obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a obtención de tales ingresos. Os gastos realizados para a obtención de tales ingresos poderán estar integrados, no seu caso, pola parte proporcional dos gastos por servizos exteriores, dos gastos de persoal, doutros gastos de xestión, dos gastos financeiros e dos tributos, despois de que contribúan á obtención dos ingresos, excluíndo deste cálculo os gastos realizados para o cumprimento dos fins estatutarios ou do obxecto da entidade sen fins lucrativos. No cálculo dos ingresos non se incluirán as achegas ou doazóns recibidas en concepto de dotación patrimonial no momento da súa constitución ou nun momento posterior.

A Federación deberá destinar o resto das rendas e ingresos a incrementar o fondo social ou as reservas.

O prazo para o cumprimento deste requisito será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtiveron as respectivas rendas e ingresos e os catro anos seguintes ao peche do devandito exercicio.

1. Grao de cumprimento do destino de rendas e ingresos

Exercicio	Excedente do exercicio	Axustes negativos	Axustes positivos	Base de cálculo	Renda a destinar		APLICACIÓN DOS RECURSOS DESTINADOS EN CUMPRIMENTO DOS SEUS FINS				
					Importe	%	2016	2017	2018	2019	2020
2016	3.331,25 €	0,00 €	1.319.841,02 €	1.323.172,27 €	1.319.841,02 €	99,75%	1.319.841,02 €				
2017	128,57 €	0,00 €	1.459.160,36 €	1.459.288,93 €	1.459.160,36 €	99,99%		1.459.160,36 €			
2018	1.127,71 €	0,00 €	1.405.753,24 €	1.406.880,95 €	1.405.753,24 €	99,92%			1.405.753,24 €		
2019	268,02 €	0,00 €	1.842.648,70 €	1.842.916,72 €	1.842.648,70 €	99,99%				1.842.648,70 €	
2020	203,37 €	0,00 €	1.848.391,40 €	1.848.594,77 €	1.848.391,40 €	99,99%					1.848.391,40 €

Os excedentes positivos dos exercicios 2016 ao 2019 destináronse a incrementar as reservas voluntarias, e neste exercicio 2020 proponse tamén destinar o excedente positivo resultante a incrementar as reservas voluntarias.

2. Recursos aplicados no exercicio

	IMPORTE			TOTAL
1. Gastos no cumprimento de fins			**1.830.255,62 €**	**1.830.255,62 €**
	Fondos propios	**Subvencións, doazóns e legados**	**Débeda**	
2. Inversións en cumprimento de fins (2.1+2.2)	**159,94 €**	**16.912,89 €**	**- €**	**17.072,83 €**
2.1 Realizadas no exercicio	159,94 €	4.883,98 €	- €	5.043,92 €
2.2 Procedentes de exercicios anteriores		12.028,91 €	- €	12.028,91 €
a) Débedas canceladas no exercicio incorridas en exercicios anteriores			- €	
b) Imputación de subvencións, doazóns e legados de capital procedentes de exercicios anteriores.		12.028,91 €		12.028,91 €
TOTAL (1+2)				**1.847.328,45 €**

15. OUTRA INFORMACIÓN

- Xunta Directiva da Federación durante o 2020: a composición da Xunta Directiva da Federación renovouse en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 25/05/2019. A Xunta Directiva resultante, e que está en vigor a data de elaboración da memoria, é:

Presidente: D. Delmiro Prieto González.

Vicepresidente: D. Manuel Pérez Cabo.

Tesoureiro: D. Jorge González Rodríguez.

Secretario: D. Elías Ledo Fernández.

Vogais: D. J. Antonio Villamarín Cid., D. José Martín Rodríguez, D. Manuel Álvarez Esmorís e D. Rafael Cabezas Enríquez.

- Importe de soldos, gastos de desprazamentos e/ou dietas xustificadas e remuneracións de calquera clase: a Federación non retribúe aos membros da Xunta Directiva polo exercicio das súas funcións. Só en determinados casos de asistencia a reunións compénsanse os gastos incorridos debidamente xustificados polos membros da mesma, gastos que durante 2020 non tiveron lugar. Non existen anticipos ni créditos concedidos ao órgano de administración.

- Non existen obrigas contraídas en materia de pensións e de seguros de vida respecto dos membros antigos e actuais do órgano de goberno.
- O número medio de persoas empregadas na entidade no ano 2020 móstrase a continuación:

PROMEDIO PERSOAL EMPREGADO ANO 2020							
Sexo:	**HOMES**			**MULLERES**			**TOTAL**
Clasificación:	**Fixos**	**Eventuais**	**Total**	**Fixas**	**Eventuais**	**Total**	
Plantilla media	0,75	1,667	**2,417**	21,827	8,33	**30,16**	**32,58**

No exercicio 2020 contouse cunha persoa contratada coa categoría de Grupo II Persoal Titulado Nivel 2, con máis dun 33% de discapacidade recoñecida.

- A Lei do Mercado de Valores, texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, na súa disposición adicional quinta, «restricións relativas aos investimentos financeiros temporais de entidades sen ánimo de lucro», que procede da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de Medidas de Reforma do Sistema Financeiro dispón que «a Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Banco de España e o Ministerio de Economía, cada un no ámbito da súa supervisión, aprobarán códigos de conduta que conteñan as regras específicas ás que deberán axustarse os investimentos financeiros temporais que fagan as fundacións, establecementos, institucións e asociacións sen ánimo de lucro, colexios profesionais, fondos de promoción de emprego, mutuas de seguros, mutualidades de previsión social, mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e, no seu caso, as demais entidades suxeitas a tipos reducidos no Imposto sobre Sociedades, que non teñan un réxime específico de diversificación de investimentos co fin de optimizar a rendibilidade do efectivo de que dispoñan e que poidan destinar a obter rendementos de acordo coas súas normas de funcionamento». Así mesmo, dita disposición adicional dispón que «os órganos de goberno, administración ou dirección das entidades referidas no apartado anterior deberán presentar un informe anual achega do grao de cumprimento dos citados códigos para que o coñezan o protectorado ou os seus partícipes, asociados ou mutualistas». Baixo este precepto, o 5 de marzo de 2019 publicábase no BOE o Acordo do 20 de febreiro de 2019, do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores, polo que se aproba o código de conduta relativo aos investimentos das entidades sen ánimo de lucro, que substitúe ao acordo do ano 2003.

Para dar cumprimento ao devandito acordo, a Federación Down Galicia aprobou en Asemblea Xeral Ordinaria do 25 de maio de 2019 o Código de Conduta para os investimentos financeiros temporais, que marca as políticas para aplicar. Ademais, o órgano de administración

e dirección da Federación elaborou un informe anual achega do grao de cumprimento do citado código para que o coñezan os seus asociados.

No exercicio 2020 non se realizaron investimentos financeiros.

16. INVENTARIO

O inventario tal e como indica o artigo 25.2 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, comprende os elementos patrimoniais integrantes do balance da entidade, distinguindo os distintos bens, dereitos, obrigas e outras partidas que o compoñen.

Para ese efecto, a entidade confeccionou un documento no que se indican, para os distintos elementos patrimoniais, os seguintes aspectos:

– Descrición do elemento

– Data de adquisición

– Valor contable

– Variacións producidas na valoración

– Perdas por deterioración, amortizacións e calquera outra partida compensadora que afecte o elemento patrimonial

– Calquera outra circunstancia de carácter significativo que afecte o elemento patrimonial, tales como gravames, afectación a fins propios ou se forman parte da dotación fundacional

Devandito documento, denominado “Libro inventario”, é presentado e asinado polo Presidente e o Tesoureiro da entidade en Asemblea Ordinaria.

Para o peche do exercicio 2020 realizouse unha análise exhaustiva do inventario da entidade, de modo que se deron de baixa todos os elementos que non están en uso.

17. FEITOS POSTERIORES

Desde a dirección da entidade non se espera que a situación derivada da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 supoña un risco para a viabilidade futura da entidade, nin que teña un impacto económico relevante no cómputo global do exercicio 2021. Así mesmo, espérase que a economía retome a súa actividade normal unha vez que o goberno, en colaboración coas autoridades europeas pertinentes, aprobe as medidas oportunas para paliar os efectos dunha posible desaceleración económica.

Santiago de Compostela, 14 de maio do 2020

Asdo.: Delmiro Prieto González
D.N.I:71497418-D
Presidente Down Galicia

Asdo.: Manuel Pérez Cabo
D.N.I:34243744-X
Vicepresidente Down Galicia

Asdo.: Elías Ledo Fernández
D.N.I:76615524-V
Secretario Down Galicia

Asdo.: Jorge González Rodríguez
D.N.I:35543930-E
Tesoureiro Down Galicia

Asdo.: José Antonio Villamarín Cid
D.N.I: 34938638-M
Vogal Down Galicia

Asdo.: José Martín Rodríguez
D.N.I:32615115-B
Vogal Down Galicia

Asdo.: Manuel Álvarez Esmorís
D.N.I: 32801508-N
Vogal Down Galicia

Asdo.: Rafael Cabezas Enríquez
D.N.I: 34603214-J
Vogal Down Galicia